

RESISTENCIAS A ANTIBIÓTICOS PRIORITARIAS, GALICIA 2017.....	páxina 1
DISPENSACIÓN COMUNITARIA DE ANTIBIÓTICOS EN GALICIA DE 2014 A 2017.....	páxina 2
USO AUTODECLARADO DE ANTIBIÓTICOS EN GALICIA DURANTE 2017.....	páxina 14

RESISTENCIAS A ANTIBIÓTICOS PRIORITARIAS, GALICIA 2017

Introdución. En 2016, o Plan español para controlar a resistencia aos antibióticos seleccionou unha serie de resistencias como prioritarias de cara aos seus seguimento e intervención¹. A información sobre a situación destas resistencias en Galicia incorporouse paulatinamente e na actualidade está integrada nos informes de seguimento da resistencia a antibióticos en Galicia que, dende 2007 e con periodicidade bianual, elabora a Sociedade galega de microbioloxía clínica (Sogamic) en colaboración coa DXSP².

Na táboa amósanse os valores de non sensibilidade para os diferentes bienios e anos. Os datos fan referencia aos illados en LCR e sangue (1 illado por doente) realizados nos hospitais públicos de Galicia, agás o de Monforte de Lemos, e mais Povisa. Como criterios de interpretación empréganse os do CLSI.

Microorganismo	antibiótico	Porcentaxe de illamentos non sensibles				Nº illamentos*		
		2013/14	2015	2016	2017	2015	2016	2017
<i>E. coli</i>	Imipenem	0'05	0'08	0'04	0'15	2.358	2.460	2.587
	Ertapenem	0'30	0'10	0'08	0'12	2.308	2.422	2.569
<i>K. pneumoniae</i>	Imipenem	2	12	21	15	392	494	500
	Ertapenem	5	13	25	20	377	480	413
<i>A. baumannii</i>	Imipenem		0'00	27	0'00	8	11	14
	Meropenem		0'00	38	0'00	5	8	6
<i>P. aeruginosa</i>	Imipenem	23	21	20	20	198	212	249
	Meropenem	22	20	19	18	178	184	212
<i>S. aureus</i>	Meticilina	22	21	21	22	699	726	779
<i>E. faecium</i>	Vancomicina		1'8	0'7	0'6	165	144	176
<i>E. faecalis</i>	Vancomicina		0'3	0'3	0'3	306	343	367

Nota: A non sensibilidade a carbapenemes é por calquera mecanismo de resistencia, e non só por carbapenemasas.

(*) Número de illamentos nos que se estudou a sensibilidade ao antibiótico.

¹ DXSP. Plan español de control das resistencias a antimicrobianos. *Boletín Epidemiolóxico de Galicia* 2016; vol. XXVIII, nº 5.

² Os informes Sogamic sobre resistencias pódense consultar na páxina web da DXSP. [Ligazón](#)